

HISTORIA DA FILOSOFÍA

ACLARACIÓNS.- O comentario deberá analizar o fragmento (conceptos fundamentais e argumentación) e relacionalo cun contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía), con corrección expresiva e gramatical.

As cuestións teóricas (1ª e 2ª partes do exame) desenvolverán os contidos pertinentes, con precisión conceptual e rigor expositivo; asemade, con corrección expresiva e gramatical.

As respostas á 3ª parte consistirán, sen máis, no nome do filósofo e o título da obra.

OPCIÓN A

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: 6 pts.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)

Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito

“Emporiso é ben mellor nin pensar en investigar a verdade sobre cousa ningunha que facelo sen método: pois é moi certo que os estudos desordenados e as meditacións escuras desta caste confunden a luz natural e cegan os enxeños; e aqueles que así se afagan a camiñar nas tebras a tal punto enfeblecen a agudeza dos seus ollos que, ao pouco, non poden aturar a luz do día; o cal ademais é confirmado pola experiencia, pois moi frecuentemente vemos que aqueles que nunca se dedicaron ás letras, pronuncian xuízos sobre as cousas comúns e correntes con moita máis solidez e claridade que aqueles que botan a vida nas escolas. Por método entendo as regras certas e fáciles tales que, se alguén as observa rigorosamente, nunca tomará nada falso por verdadeiro e, sen gastar as forzas do seu espírito inutilmente, senón sempre aumentando o seu saber progresivamente, chegará ao verdadeiro coñecemento de todo aquilo do que sexa capaz.”

(R. DESCARTES, *Regras para a dirección do espírito*, Regra IV)

2. A orixe do cosmos na corrente presocrática. (Cualificación máxima: 3 pts.)

3. Responde as 4 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima: 1 pto.):

- a) Indica a qué filósofo corresponden os seguintes conceptos: *alienación – forzas productivas*.
b) Nomea dúas obras de Marx.

OPCIÓN B

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: 6 pts.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)

Física e metafísica en Aristóteles

“A entidade dise, se non en moitos, fundamentalmente en catro sentidos: a entidade de cada cousa parecer ser a esencia, o universal, o xénero e, en cuarto lugar, o suxeito.

”O suxeito é aquilo do que todas as demais cousas son atributo, e ao mesmo tempo el non é atributo de ningunha outra. Por iso cómpre facer primeiro unhas precisións sobre el. Pois parece que entidade é ante todo o suxeito primeiro. E o suxeito é, nun sentido, a materia, noutro sentido a forma, e nun terceiro sentido o conxunto das dúas (chámolle materia, coma tal, ao bronce, forma á figura ideal e conxunto das dúas á estatua), de xeito que a forma, se é anterior á materia e ten o carácter do ser con máis intensidade, pola mesma razón será tamén anterior ao conxunto das dúas.

”Así queda feita a definición de entidade: aquilo que non é atributo dun suxeito, e aquilo do que todo o demais é atributo.”

(ARISTÓTELES, *Metafísica*, 1028b-1029a)

2. Razón e progreso na Ilustración. (Cualificación máxima: 3 pts.)

3. Responde as 4 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima: 1 pto.):

- a) Indica a qué filósofo corresponden os seguintes conceptos: *vontade de poder – razón vital*.
b) Nomea unha obra de Nietzsche e outra de Ortega y Gasset.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

ACLARACIÓNS.- O comentario deberá analizar o fragmento (conceitos fundamentais e argumentación) e relacionalo cun contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía), con corrección expresiva e gramatical.

As cuestións teóricas (1ª e 2ª partes do exame) desenvolverán os contidos pertinentes, con precisión conceptual e rigor expositivo; asemade, con corrección expresiva e gramatical.

As respostas á 3ª parte consistirán, sen máis, no nome do filósofo e o título da obra.

OPCIÓN A

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima.- 6 pts.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)

Realidade e coñecemento en Platón

“-Pois ben, meu querido Glaucón, esa imaxe debémola aplicar totalmente ao dito anteriormente; hai que comparar a rexión que se manifesta por medio da vista coa morada do cárcere e esa luz do lume co poder do sol; compara a subida ao mundo de arriba e a contemplación das cousas deste coa ascensión da alma á rexión do intelixible e non errarás respecto do que espero que é o que ti desexas oír.”

(PLATÓN, *República*, VII, 517 a-b)

2. Alienación e ideoloxía en Marx. (Cualificación máxima.- 3 pts.)

3. Responde as 4 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima.- 1 pts.):

a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos: *dúbida metódica – imperativo categórico*.

b) Nomea unha obra de Descartes e outra de Locke.

OPCIÓN B

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: 6 pts.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)

Ética e política en Aristóteles

“De todo iso resulta que a cidade é das realidades naturais e que o home é un animal social (*zôon politikón*), e que o asocial por natureza e non por acaso ou é inferior ou superior ao home, coma o censurado por Homero como *home sen tribo, sen leis, sen fogar*, pois quen é tal por natureza tamén é desexoso de guerra, por ser como unha peza solta no xogo das damas.

”Por que o home é animal social en maior medida que a abella ou calquera animal gregario é cousa evidente: a natureza, como dicimos, nada fai en van, o home é o único dos animais que ten a palabra (*lógos*).”

(ARISTÓTELES, *Política*, I, 1253 a)

2. Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade. (Cualificación máxima.- 3 pts.)

3. Responde as 4 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima.- 1 pts.):

a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos: *moral de escravos – razón vital*.

b) Nomea unha obra de Nietzsche e outra de Ortega y Gasset.

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2017

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA FILOSOFÍA
(Cód. 34)

Criterios de avaliación do exame

A cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:

1ª parte.- a cualificación máxima será de **6** pts.: **3** para o comentario e **3** para a cuestión proposta.

No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía).

A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición.

Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

2ª parte.- a cualificación máxima será de **3** pts.

A avaliación da cuestión teórica farase —coma no caso anterior— en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén se terá en conta a corrección expresiva e gramatical.

3ª parte.- a cualificación máxima será de **1** pto.

Cada unha das catro breves respostas (nome do filósofo; título da obra) terá unha cualificación máxima de **0,25** pts.

OPCIÓN A

1ª parte.- Aplicaranse os criterios indicados ó comentario do fragmento (Descartes, *Regras para dirección do espírito*) e á cuestión *Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito*.

2ª parte.- Aplicaranse os criterios indicados á cuestión *A orixe do cosmos na corrente presocrática*.

3ª parte.- a) O filósofo ó que corresponden os dous conceptos propostos (alienación; forzas productivas) é Karl Marx.

b) A resposta debe conter o título de dúas obras de Karl Marx.

OPCIÓN B

1ª parte.- Aplicaranse os criterios indicados ó comentario do fragmento (Aristóteles, *Metafísica*) e á cuestión *Física e metafísica en Aristóteles*.

2ª parte.- Aplicaranse os criterios indicados á cuestión *Razón e progreso na Ilustración*.

3ª parte.- a) Os filósofos ós que corresponden os dous conceptos propostos son Friedrich Nietzsche (vontade de poder) e José Ortega y Gasset (razón vital).

b) A resposta debe conter o título dunha obra de Friedrich Nietzsche e outra de José Ortega y Gasset.

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2017
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DE FILOSOFÍA
(Cód. 34)

A cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:

1ª parte. A cualificación máxima será de **6 p.:** **3** para o comentario e **3** para a cuestión proposta.

No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na Historia da filosofía).

A avaliación da cuestión teórica farase sobre a base da pertinencia dos contidos informativos da resposta, a precisión no uso dos conceptos e a coherencia e articulación discursiva da exposición.

Tanto no comentario como na cuestión terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

2ª parte. A cualificación máxima será de **3 p.**

A avaliación da cuestión teórica farase —coma no caso anterior— sobre a base da pertinencia dos contidos informativos da resposta, a precisión no uso dos conceptos, e a coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén se terá en conta a corrección expresiva e gramatical.

3ª parte. A cualificación máxima será de **1 p.**

Cada unha das catro breves respostas (nome do filósofo, título da obra) terá unha cualificación máxima de **0,25 p.**

OPCIÓN A

1ª parte. Aplicaranse os criterios indicados ó comentario do fragmento (Platón, *República*, VII, 517 a-b) e á cuestión *Realidade e coñecemento en Platón*.

2ª parte. Aplicaranse os criterios indicados á cuestión *Alienación e ideoloxía en Marx*.

3ª parte. a) Os filósofos ós que corresponden os dous conceptos propostos son René Descartes (dúbida metódica) e Immanuel Kant (imperativo categórico).

b) A resposta debe conter o título dunha obra de René Descartes e outra de John Locke.

OPCIÓN B

1ª parte. Aplicaranse os criterios indicados ó comentario do fragmento (Aristóteles, *Política*, I, 1253 a) e á cuestión *Ética e política en Aristóteles*.

2ª parte. Aplicaranse os criterios indicados á cuestión *Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade*.

3ª parte. a) Os filósofos ós que corresponden os dous conceptos propostos son Friedrich Nietzsche (moral de escravos) e José Ortega y Gasset (razón vital).

b) A resposta debe conter o título dunha obra de Friedrich Nietzsche e outra de José Ortega y Gasset.